

Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Fisioterapia da Universidade de Vigo

(aprobado na Xunta de Facultade o 5 de outubro de 2015)

Título preliminar

Título I. Da Xunta de Facultade

Capítulo I. Da composición da Xunta de Facultade

Capítulo II. Das funcións da Xunta de Facultade

Capítulo III. Do funcionamento da Xunta de Facultade

Título II. Do equipo de goberno da Facultade

Capítulo I. Dos membros do equipo de goberno

Capítulo II. Do/a decano/a

Capítulo III. Dos/as vicedecanos/as

Capítulo IV. Do/a secretario/a

Capítulo V. Da elección do/a decano/a

Capítulo VI. Do procedemento de revogación

Título III. Das comisións delegadas da Xunta de Facultade

Capítulo I. Das Comisións delegadas

Capítulo II. Da Comisión Permanente

Capítulo III. Doutras comisións

Título IV. Da Comisión de Calidade

Título V. Da Delegación de Alumnado

Título VI. Da reforma do regulamento

Outras disposicións

Disposición final

Título preliminar

Artigo 1.1.- A Facultade de Fisioterapia de Pontevedra, pertencente á Universidade de Vigo, inspírase nos principios de igualdade, solidariedade, democracia e liberdade.

É deber de todos os integrantes da súa comunidade universitaria, e en particular dos seus órganos de goberno, dar plena efectividade a estes principios e impedir calquera tipo de discriminación e o incumprimento do expresado nos Estatutos da Universidade e no presente regulamento.

1.2.- A Facultade de Fisioterapia, como centro público que é, está ao servizo da sociedade e ten como fins prioritarios:

- a) Acadar as máximas cotas de calidade de docencia e investigación.
- b) Facilitar unha formación axeitada dos alumnos/as preparándoos para o exercicio da Fisioterapia.
- c) Fomentar a procura de novos coñecementos e o desenvolvemento científico, e avaliar os resultados deste.
- d) Favorecer a formación ao longo de toda a vida no eido das ciencias da saúde.
- e) Facilitar, estimular e acoller as actividades intelectuais e críticas no campo das ciencias da saúde.
- f) Afondar na cooperación universitaria nacional e internacional, así como na integración no Espazo Europeo de Educación Superior.
- g) Acoller un modelo de desenvolvemento sustentable baseado no respecto, na preocupación e na conservación do medio.

Artigo 2.-A Facultade de Fisioterapia desenvolverá un labor de fomento da lingua galega en todos os eidos da súa competencia. Para tal efecto, empregará o galego nas súas relacións coa cidadanía galega, coas entidades territoriais e locais galegas, así como coas institucións e a comunidade universitarias.

Artigo 3.- De acordo co artigo 13 dos estatutos da Universidade de Vigo son funcións da Facultade de Fisioterapia:

- a) A custodia das actas de cualificación e dos expedientes do alumnado.
- b) A expedición das certificacións académicas solicitadas polos estudantes ao centro.
- c) A implantación e seguimento dos plans de estudo.
- d) A organización da docencia e a súa coordinación, supervisión e control, así como a realización dos encargos de docencia, de conformidade cos plans de estudo e de acordo coa normativa da universidade.
- e) A organización e a coordinación das ensinanzas que dean dereito a títulos propios adscritos ao centro.
- f) A organización das relacións entre departamentos e con outros centros, co fin de garantir a coordinación das ensinanzas e a racionalización da xestión académica e administrativa.
- g) A aplicación das directrices da Universidade de Vigo sobre a normalización lingüística.
- h) O fomento, o apoio e a achega de medios materiais existentes no centro para realizar actividades de formación e complementarias do persoal vinculado a el.
- i) A realización das actividades de colaboración da Universidade de Vigo con organismos públicos ou privados en todo o que afecte o centro.
- j) A administración dos servizos e mais os equipamentos asignados ao centro.
- k) A xestión e administración da súa asignación orzamentaria.
- l) A realización da xestión administrativa necesaria para que as anteriores funcións se poidan efectuar.
- m) A participación nos procesos de avaliación da calidade e a promoción activa da mellora da calidade da súa oferta académica.
- n) A proposición ao órgano competente da implantación de novas titulacións.
- o) Calquera outra que lles poidan atribuír os presentes estatutos e as demais disposicións vixentes.

Artigo 4.1.- A Facultade de Fisioterapia rexerese polo presente regulamento, que debe ser interpretado no marco da Lei de

ordenación universitaria e mais os Estatutos da Universidade de Vigo, así como o resto da lexislación sobre ensino universitario.

4.2.- Para todas aquelas cuestións non previstas na normativa sinalada no punto anterior, actuarase conforme ao previsto na Lei de procedemento administrativo en vigor.

Título I. Da Xunta de Facultade

Capítulo I. Da composición da Xunta de Facultade

Artigo 5.- A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do mesmo e, como tal, aproba as liñas xerais de actuación e supervisa o labor dos órganos de dirección e xestión.

Artigo 6.- A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de representación, decisión e control do centro. Está composta polo/a decano/a, que a preside, e polo seguinte conxunto de membros:

- a) O equipo decanal.
- b) Todo o profesorado funcionario, que constituirá o 51% da Xunta de Facultade.
- c) Unha representación do persoal docente e investigador non funcionario, que corresponderá ao 9% da Xunta de Facultade. En calquera caso, polo menos o 80% corresponderá ao persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo.
- d) Unha representación dos estudantes que constituirá o 30% da Xunta de Facultade.
- e) Unha representación do persoal de administración e servizos que constituirá o 10% da Xunta de Facultade.

Artigo 7.1.- Os membros electos da Xunta de Facultade serán renovados cada dous anos.

7.2.- Perderase a condición de membro da Xunta de Facultade por finalización legal do mandato, por petición propia ou por perda das condicións necesarias para ser elixido.

7.3.- Se algún membro electo causase baixa durante o período de representación, o seu substituto será o candidato máis votado dentro do seu sector. De non haber candidatos procederase a unha nova elección para cubrir as prazas vacantes polo período de representación restante.

Capítulo II. Das funcións da Xunta de Facultade

Artigo 8.- Son funcións da Xunta de Facultade:

- a) A elaboración, aprobación e modificación da proposta do seu regulamento de réxime interno.
- b) A elección e revogación do/a decano/a.
- c) A aprobación da proposta de distribución do orzamento anual do centro e da súa execución.
- d) A implantación e seguimento do plan de estudos en vigor.
- e) O coidado do bo funcionamento de todos os órganos e servizos do centro.
- f) Formular os pedimentos de persoal necesario para levar a cabo a administración e os servizos do centro.
- g) A resolución de conflitos que se poidan producir no seo do centro.
- h) A proposición e aplicación das normas de selección de estudantes e a valoración do seu rendemento e aproveitamento.
- i) Aprobar anualmente as guías docentes das materias e a guía da titulación/s.
- j) A preparación e coordinación, de modo eficaz e adecuado, do horario das distintas materias, cursos monográficos, cursos de especialización, probas parciais e finais, distribución de aulas e servizos e ensinanzas complementarias, así como a habilitación de medidas de control do cumprimento das obrigas docentes.
- k) A distribución dos espazos que lle sexan asignados.
- l) Calquera outra atribuída nestes estatutos.

Capítulo III. Do funcionamento da Xunta de Facultade

Artigo 9. Convocatoria

1. As sesións da Xunta da Facultade serán convocadas polo secretario da facultade, por orde do/a decano/a, ou quen o substitúa regulamentariamente. A Xunta da Facultade reunirse en sesión ordinaria polo menos unha vez por trimestre. Tamén será convocada por acordo da Comisión Permanente ou por pedimento dun 30% dos membros da Xunta de Facultade. Nestes dous últimos casos débese facer por escrito ao/a decano/a, levándose a efecto a xunta dentro do prazo de dez días hábiles seguintes á presentación no rexistro do centro da solicitude. Os solicitantes deberán indicar o punto que desexan que se debata na sesión.
2. A convocatoria conterá o día, a hora, o lugar e a orde do día da sesión.
3. Para que a convocatoria produza efecto terase que pór en coñecemento de todos os membros do órgano cunha antelación mínima de 48 horas. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición dos membros coa mesma antelación.
4. A convocatoria enviarase por medios telemáticos e por escrito entregarase no centro no seu compartimento ou caixa de correo onde cada membro da Xunta da Facultade desenvolva o seu traballo. Así mesmo, colocarase unha copia no taboleiro habilitado ao efecto.
5. A Xunta de Facultade reunirse nas instalacións da Facultade.

Artigo 10. Orde do día

1. A orde do día será elaborada polo/a decano/a, asistido polos/as vicedecanos/as e o/a secretario/a da facultade.
2. Na orde do día das sesións ordinarias figurarán inescusablemente as mencións de aprobación da acta da sesión ou sesións anteriores, informe do/a decano/a e rogos e preguntas. Tamén se incluírán os puntos solicitados por escrito polo 30% dos membros da Xunta da Facultade.
3. Na orde do día das sesións extraordinarias figurará como punto único o tema para debater na sesión convocada.

Artigo 11. Dereito de asistencia ás sesións

1. As sesións da Xunta da Facultade estarán abertas a todos os membros da facultade. Garantirase a debida separación entre os membros do órgano e o público non pertencente á Xunta da Facultade.
2. Poderase convidar a que participen con voz e sen voto nunha sesión desta a persoas da comunidade universitaria alleas ao órgano que estean interesadas en asuntos específicos e que poidan resultar afectadas por eles.
3. Non se permitirá a introdución na sala onde se celebren as sesións de ningunha clase de aparello de gravación, salvo que a Xunta da Facultade o autorice expresamente.

Artigo 12. Quórum para a válida constitución

1. A Xunta de Facultade constituirase validamente en primeira convocatoria coa asistencia da maioría dos seus membros, incluídos o/a decano/a e o/a secretario/a da facultade ou quen os substitúa regulamentariamente.
2. Na segunda convocatoria, que se celebrará media hora despois da primeira, bastará a presenza da terceira parte dos membros do órgano, incluídos o/a decano/a e o/a secretario/a da facultade ou quen os substitúa regulamentariamente.
3. De non conseguir o quórum sinalado en segunda convocatoria, o/a decano/a procederá a convocar a Xunta nun prazo de 48 horas.
4. De non acadar o quórum necesario nesta última xunta, os puntos que non sexan exclusivos da Xunta de Facultade trataranse nunha xuntanza da Comisión Permanente e os que si sexan exclusivos da Xunta de Facultade, deberase proceder a unha nova convocatoria da mesma nun prazo de cinco días hábiles.

Artigo 13. Mesa das sesións

1. As sesións da Xunta de Facultade serán presididas polo/a decano/a, asistido polo equipo decanal.
2. A mesa interpreta o presente regulamento en casos de dúbida ou omisión. Tamén decide sobre a alteración da orde de discusión dos puntos da orde do día, o ordenamento dos debates e calquera outra cuestión que lle encomende o presente

regulamento ou que o/a decano/a lle consulte. As decisións adoptaranse por maioría e no caso de empate o/a decano/a decidirá co seu voto de calidade.

Artigo 14. Ordenación dos debates

1. O/a decano/a dirixe e ordena o desenvolvemento dos debates. De acordo coa mesa, fixará un tempo de debate para cada tema e, en función das peticións do uso da palabra, determinarase a duración de cada intervención.
2. Os membros da Xunta de Facultade teñen dereito ao uso da palabra en relación con calquera dos puntos da orde do día.
3. Ninguén poderá ser interrompido cando fale, salvo polo/a decano/a para ser chamado á orde ou para se cinguir ao tema.
4. As alusións só autorizarán para que o membro da Xunta de Facultade a quen se refiran poida, a xuízo do/a decano/a, responder as manifestacións sobre a súa persoa ou feitos pronunciadas durante a discusión, no prazo de tempo concedido e sen entrar no fondo da cuestión debatida.
5. En calquera estado da discusión poderá pedir un membro da Xunta de Facultade a observancia das normas legais ou regulamentarias. Non caberá discusión nin debate con este motivo e deberase acatar a resolución do/a decano/a co acordo da mesa.
6. Nos supostos de excesiva duración da sesión, o/a decano/a, co acordo da mesa, poderá dispor a interrupción dela, fixando a hora para continuar o seguinte día laboral.

Artigo 15. Disciplina das sesións

1. O/a decano/a vela polo mantemento da disciplina e da cortesía académica.
2. Os membros da Xunta de Facultade serán chamados á orde polo/a decano/a:
 - a) Cando nas súas intervencións profiran palabras groseiras ou ofensivas para os membros da Xunta de Facultade, para terceiros ou para institucións.
 - b) Cando con interrupcións ou de calquera outro xeito alteren a orde dos debates.

c) O/a decano/a, co acordo da mesa, poderá expulsar da sala o membro da Xunta de Facultade que sexa chamado á orde tres veces na mesma sesión. Se este se negase a abandonar a sala, suspenderíase a sesión para continuala deseguido sen a súa presenza.

3. Os membros da Xunta de Facultade serán advertidos polo/a decano/a para que se cingan ao tema cando notoriamente estivesen fóra del, ben por disgresións alleas ao punto debatido, ben por volveren sobre o xa discutido e aprobado. Despois de dúas chamadas para se cinguir ao tema, o/a decano/a poderalle retirar o uso da palabra á persoa que estea a falar.

4. Decorrido o prazo concedido para intervir, o/a decano/a retirará o uso da palabra ao membro da Xunta de Facultade que estea a falar, despois de o ter invitado dúas veces a concluír.

Artigo 16. Réxime de adopción de acordos

1. Os acordos serán adoptados por maioría de votos, salvo que este regulamento ou unha norma de rango superior esixa unha maioría cualificada.

2. Para a válida adopción de acordos requírese a presenza no momento da votación da terceira parte dos membros da Xunta de Facultade.

3. As votacións poden ser por asentimento, públicas e a man alzada ou nominais e secretas. Serán necesariamente secretas cando así o soliciten algún dos membros da Xunta de Facultade ou afecten a persoas concretas. Non se admite a delegación de voto nin o voto anticipado ou por correo.

4. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros da Xunta de Facultade e sexa declarada a urxencia do asunto, por proposta do/a decano/a e co acordo da mesa, polo voto favorable da maioría.

Artigo 17. Execución e publicidade dos acordos

1. É competencia do/a decano/a ou o/a vicedecano/a en quen delegue a execución dos acordos da Xunta de Facultade.

2.- Os acordos notificaraos ou publicaraos o/a secretario/a da Facultade nos casos e forma previstos nas normas xerais do

procedemento administrativo. Para a publicación utilizaranse os taboleiros de anuncios da Facultade, sen prexuízo da súa posible difusión a través da páxina web da Facultade.

3. Cando veña esixido normativamente ou polo propio acordo, o/a secretario/a da Facultade comunicarlle por escrito os acordos da Xunta de Facultade aos órganos competentes da Universidade.

4. No seguinte día hábil á celebración dunha sesión da Xunta de Facultade, o secretario da Facultade publicará nos taboleiros de anuncios desta unha nota informativa cos acordos adoptados e daralles difusión por medios telemáticos.

Artigo 18. Certificacións dos acordos

1. Só farán fe dos acordos da Xunta de Facultade as certificacións expedidas polo/a secretario/a da Facultade.

2. As certificacións pódense emitir:

a) Por orde do/a decano/a.

b) Por solicitude de órgano competente.

c) Por solicitude de calquera membro da Xunta de Facultade.

d) Por solicitude dos interesados. Neste caso, as certificacións só incluírán a parte do acordo que lle afecte ao solicitante.

3. As certificacións conterán o texto íntegro do acordo e a data da sesión en que foi aprobado. Nas emitidas con anterioridade á aprobación da acta da sesión respectiva, farase constar expresamente tal circunstancia.

Artigo 19. Actas

1. O/a secretario/a da Facultade, que será secretario/a nato da Xunta de Facultade, redactará a acta de todas as sesións. En caso de que non puidese asistir a unha sesión, o/a decano/a designará a un dos membros do órgano para que o substitúa.

2. En cada acta han de figurar inescusablemente as seguintes mencións:

a) O día, a hora e o lugar en que se celebrou a sesión.

b) O carácter ordinario ou extraordinario desta.

c) Os asistentes nominalmente designados e as ausencias xustificadas.

d) A orde do día.

- e) Un resumo dos debates coas diferentes posicións.
 - f) O texto literal dos acordos adoptados, coa indicación do sistema de votación empregado e o resultado desta.
3. Tamén figurarán as mencións que os membros da Xunta de Facultade desexen que consten expresamente. En particular, os membros teñen dereito a que conste o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen, ou o sentido do voto favorable.
4. Os membros da Xunta de Facultade teñen dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que acheguen no acto ou no prazo que sinale o/a decano/a o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención. O texto será incorporado á acta ou xuntarase copia del a esta.
5. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria da Xunta de Facultade coas modificacións que propoñan os membros do órgano e que sexan aprobadas por este.
- O libro de actas estará baixo a custodia do/a secretario/a da Facultade, que lle permitirá a súa consulta a calquera membro da Xunta de Facultade.

Título II. Do equipo de goberno da facultade

Capítulo I. Dos membros do equipo de goberno

Artigo 20. O equipo de goberno da Facultade de Fisioterapia estará composto por:

- a) O/A decano/a.
- b) Os/As vicedecanos/as.
- c) O/A secretario/a.

Capítulo II. DO/a decano/a/a

Artigo 21. O/a decano/a desempeña a representación do centro e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria deste.

2. Este órgano unipersonal será elixido pola Xunta de Facultade, entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade, adscrito ao centro.

Artigo 22. O/a decano/a do centro, asistido polo seu equipo de goberno, é responsable da dirección e xestión do centro e ten as seguintes funcións: a) O exercicio da representación do centro. b) A convocatoria e presidencia da Xunta de Facultade e da xunta ou xuntas de titulación, se é o caso. c) A execución dos acordos da Xunta de Facultade. d) A supervisión do funcionamento dos servizos do centro. e) A dirección da xestión ordinaria do centro. f) A proposición, despois de oír a Xunta de Facultade, de apertura de informe previo por parte do reitor, a calquera membro do centro. g) Ter conta do cumprimento dos horarios docentes e de titorías. h) Todas as que lles atribúan a lexislación vixente e estes estatutos.

Artigo 23. En casos de vacante, ausencia, enfermidade, ou outra causa legal, o/a decano/a será substituído polo/a vicedecano/a.

Capítulo III. Dos/as vicedecanos/as

Artigo 24. A persoa que desempeñe o decanato designará, de entre todos os membros do centro, os(as) vicedecanos/as, que serán nomeados polo/a reitor/a. Estes membros do equipo de dirección actuarán coas competencias e funcións que lles delegue o/a decano/a, así como todas as que lles atribúa o regulamento de réxime interno do centro.

Capítulo IV. Do secretario/a

Artigo 25. O/a secretario/a do centro será designado pola persoa que desempeñe o decanato, de entre o persoal do centro, e será nomeado polo/a reitor/a. Correspóndelle ao secretario/a dar fe dos acordos adoptados polos órganos de goberno do centro, así como a custodia dos seus libros de actas. Así mesmo, asumirá a recepción, a compilación, o depósito, a custodia e a certificación das actas de cualificación de materias.

Capítulo V. Da elección do/a decano/a

Artigo 26. O/a decano/a será elixido pola Xunta de Facultade segundo o establecido nos estatutos da Universidade de Vigo e ás normativas específicas aplicables nese momento.

Capítulo VI. Do procedemento de revogación

Artigo 27. Da revogación do/a decano/a

1. A moción de censura contra o/a decano/a terá que ser presentada por escrito coas sinaturas de cando menos un terzo dos membros da Xunta de Facultade, e incluírá o nome da persoa que se propoña como o/a decano/a.
2. Se a moción de censura reúne os requisitos anteriores, o/a decano/a convocará unha sesión extraordinaria da Xunta de Facultade para o seu debate no prazo máximo de 15 días naturais.
3. A Xunta de Facultade será presidida polo profesor máis antigo segundo prelación de corpos. O desenvolvemento da sesión axustarase ao previsto na Normativa da Universidade de Vigo para a elección de decanos e directores de centro e actuarase como se houbose dous candidatos a decano/a, o proposto polos asinantes da moción de censura, que intervirá en primeiro lugar, e a persoa que estea a ocupar o cargo.
4. A moción de censura quedará aprobada se obtén o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade. O/a decano/a censurado elevará decontado o resultado ao reitor para que dite resolución de nomeamento en favor do candidato proposto para substituílo e, ata ese momento, seguirá a actuar como o/a decano/a en funcións.
5. Se a moción de censura non acadase a maioría prevista no apartado precedente, os seus asinantes non poderán presentar outra moción de censura durante o resto do mandato do/a decano/a, nin o mesmo candidato poderá volver ser proposto durante ese período.

Artigo 28. Da revogación o/a vicedecano/a e secretario/a

1. O/a decano/a da Facultade poderá destituír o/a vicedecano/a ou o/a secretario/a, que serán revogados polo reitor. Asemade, o/a decano/a designará, de entre todos os membros da Facultade, o/a novo/a vicedecano/a ou secretario/, que serán nomeados polo reitor.

Título III. Das comisións delegadas da Xunta de Facultade

Capítulo I. Das Comisións delegadas

Artigo 29.

As comisións delegadas da Xunta de Facultade serán:

- a) A Comisión Permanente da Xunta de Facultade.
- c) A Comisión de Organización Académica e Validacións.
- d) A Comisión de Actividades Culturais e Profesionais.

Artigo 30

1. A Xunta de Facultade poderá crear outras comisións, con carácter temporal ou estable. A súa finalidade, composición e normas de funcionamento determinaranse no momento da súa creación.

2. A composición das comisións delegadas respectará as mesmas porcentaxes de representación dos distintos sectores da comunidade universitaria que rexan para a Xunta de Facultade. Se polo número total de membros dunha comisión algún sector non puidese obter representación, terá dereito a un representante con voz e sen voto. Os membros natos das comisións delegadas computarán dentro do sector ao que pertencen.

3. Só poden ser membros das comisións delegadas os membros da Xunta de Facultade. Os membros das comisións delegadas serán elixidos polos seus respectivos sectores na Xunta de Facultade.

4. A renovación dos membros electivos das comisións delegadas terá lugar na primeira sesión ordinaria da Xunta da Facultade que se celebre tras a proclamación definitiva dos resultados da

elección dos representantes na Xunta da Facultade do sector da comunidade universitaria ao que pertenzan. Os membros electivos das comisións delegadas que sexan membros natos da Xunta da Facultade renovaranse na primeira sesión ordinaria da Xunta da Facultade que se celebre tras a sesión extraordinaria convocada para a elección de decano/a. Tamén procederá á renovación dos membros electivos das comisións delegadas nos casos de finalización anticipada do mandato dalgún deles, pero a renovación só afectará ao posto vacante.

5. O funcionamento das comisións delegadas rexeráse polas mesmas normas que a Xunta de Facultade.

Capítulo II. Da Comisión Permanente

Artigo 31. A Comisión Permanente é un órgano de representación da Xunta de Facultade. Esta Comisión resolverá os asuntos que expresamente lle transfira a Xunta de Facultade, a quen dará conta das súas actuacións. Así mesmo, velará polo cumprimento das decisións da Xunta de Facultade.

Artigo 32. A Comisión Permanente estará formada por dez membros, dos cales serán membros natos o/a decano/a, que a presidirá e convocará, o/a vicedecano/a e o/a secretario/a, que o será tamén da propia Comisión Permanente. Os membros elixibles pertencerán aos distintos sectores representados na Xunta de Facultade e serán:

- a) Tres profesores/as, onde, polo menos, un será a tempo completo e outro a tempo parcial.
- b) Tres alumnos/as.
- c) Un membro do persoal de administración e servizos.

Artigo 33. Os membros da Comisión Permanente teñen que selo da Xunta de Facultade. A votación para a designación dos membros elixibles da Comisión Permanente realizarase por sectores. Os diversos sectores só poderán votar o 70% dos membros do seu sector que integra a Comisión Permanente. Resultarán elixidos aqueles que obteñan maior número de votos e, no caso de empate, será elixido o candidato/a de máis

antigüidade en canto á súa pertenza á Xunta de Facultade, e se son de igual antigüidade na Xunta de Facultade, será elixido o candidato/a de maior idade.

Artigo 34.1. Os membros da Comisión Permanente cesarán a pedimento propio, no momento no que perdan a súa condición de membros da Xunta de Facultade, cesen no cargo académico que concede esta condición ou se produza a elección dun novo/a decano/a.

34.2 Calquera baixa dos membros elixidos será cuberta por unha nova elección dentro do sector correspondente no prazo máis breve posible.

Artigo 35.- Son competencias da Comisión Permanente:

- a) Adoptar acordos sobre asuntos que lle foron delegados pola Xunta de Facultade.
- b) Asesorar o equipo decanal.
- c) Coñecer e informar cantas cuestións lle propoña o/a decano/a no exercicio das súas funcións.
- d) Coñecer e informar sobre calquera asunto que sexa competencia da Xunta de Facultade.

Artigo 36.1.- A Comisión Permanente reunirse cando o considere de interese o/a decano/a ou así o soliciten, polo menos, a metade dos seus membros, realizándose neste último caso dentro dos cinco días hábiles seguintes á presentación da solicitude no rexistro do centro.

36.2.- A convocatoria realizarase nominalmente con corenta e oito horas de antelación, prazo que será de vinte e catro horas no caso de reunións extraordinarias e urxentes, incluíndo neste caso a orde do día e toda aquela documentación que poida ser utilizada no transcurso da sesión.

36.3.- A orde do día será fixada polo/a presidente/a, tendo en conta os pedimentos dos demais membros, formulados con suficiente antelación. Non obstante, será obrigatoria a inclusión na orde do día dos puntos que sexan propostos, polo menos, por tres membros da Comisión.

Artigo 37.- Para a celebración das sesións da Comisión Permanente precisarase, en primeira convocatoria, a presenza de seis dos seus membros e, en segunda convocatoria, trinta minutos despois, un mínimo de catro membros e sempre que estean presentes o/a presidente/a e o/a secretario/a (ou quen os supla regulamentariamente). En canto á elaboración, redacción e aprobación das actas, atenderase ao que se di neste regulamento, para as da Xunta de Facultade.

Artigo 38.- Os acordos da Comisión Permanente tomaranse por maioría simple, e, no caso de empate, o/a decano/a pode utilizar o voto de calidade. A Xunta de Facultade pode delegar algunha competencia na Comisión Permanente con expresa mención da maioría necesaria para a validez dos acordos que esta tome. As votacións terán os mesmos requisitos que os indicados nese regulamento para a Xunta de Facultade.

Artigo 39.- Cando circunstancias especiais o requiran, e por aceptación maioritaria dos membros da Comisión Permanente, poderán asistir ás sesións da Comisión persoas alleas a ela con voz, pero sen voto.

Capítulo III. Doutras comisións

Artigo 40.- Co fin de colaborar no desenvolvemento das distintas funcións que ten asignadas a Facultade, crearanse con carácter estable as seguintes comisións asesoras:

- a) Comisión de Organización Académica e Validacións.
- b) Comisión de Actividades Culturais e Profesionais.

Artigo 41.- Para a celebración de sesións das comisións de Organización Académica e Validacións e de Actividades Culturais e Profesionais precisarase un mínimo de tres membros e sempre que estean presentes o/a presidente/a, e o/a secretario/a (ou quen os supla regulamentariamente).

Artigo 42.- Os acordos das comisións tomaranse por maioría simple dos seus membros. En caso de empate o/a presidente/a poderá empregar o seu voto de calidade. Poderán seren invitados con voz pero sen voto as persoas que a maioría dos membros da comisión consideren oportunas.

Artigo 43.- En relación coas convocatorias e actas das comisións observaranse os mesmos requisitos que no caso da Comisión Permanente. As comisións elixirán entre os seus membros os/as correspondentes secretarios/as.

Artigo 44.1.- A Comisión de Organización Académica e Validacións estará constituída por:

- a) Decano/a ou persoa na que delegue, que a presidirá.
- b) Tres profesores/as, onde, polo menos, un deles será a tempo parcial.
- c) Dous alumnos/as.
- d) Un membro do persoal de administración e servizos. Ademais asistirá con voz pero sen voto o xefe de administración do centro, nos casos en que este non sexa membro electo da Comisión.

44.2.- Serán funcións desta comisión:

- a) Estudar as distintas solicitudes de avaliación de estudos nacionais e estranxeiros segundo a Normativa de validacións da Universidade de Vigo e outra normativa aplicable.
- b) Facer propostas sobre a coordinación das ensinanzas que se dispensan no centro.
- c) Colaborar na elaboración dos horarios, uso das aulas e laboratorios, etc.
- d) Asistir á dirección para establecer as datas dos exames dentro dos prazos fixados pola Universidade, por proposta dos/as delegados/as dos/as alumnos/as e dos/as profesores/as afectados.
- e) Calquera outra función que, relacionada coa docencia, lle asigne a Xunta de Facultade.

44.3.- Esta comisión reunirse cantas veces sexa necesario. Será convocada polo/a presidente/a por decisión propia ou a proposta de, polo menos, tres dos seus membros.

Artigo 45.1.- A Comisión de Actividades Culturais e Profesionais estará formada por:

- a) Decano/a ou persoa na que delegue, que a presidirá.
- b) Tres profesores/as.
- c) Dous alumnos/as.
- d) Un membro do persoal de administración e servizos.

45.2.- As funcións desta comisión serán as de asesorar a dirección na:

- a) Promoción da titulación nos ámbitos da súa influencia a través de actividades académicas, culturais e/ou recreativas.
- b) Coordinación e organización de cursos de actualización e especialización profesional, actividades culturais e recreativas, que poderán ter lugar en colaboración con outras entidades, establecendo os aspectos económicos de acordo cos Estatutos da Universidade.
- c) Procurar que, nas actividades organizadas polo centro, e respectando a normativa vixente, se establezan tarifas reducidas para alumnos/as e persoal do centro ou da Universidade.
- d) Busca de fontes de financiamento de proxectos e, en particular, doazóns de equipamento e material científico e técnico por parte de organismos e institucións oficiais ou privadas.
- e) Calquera outra función que, relacionada con actividades culturais e profesionais, lle asigne a Xunta de Facultade.

45.3.- Esta Comisión reunirse cantas veces sexa necesario por decisión do seu presidente/a ou por pedimento de, polo menos, tres dos seus membros.

Título IV. Da Comisión de Calidade

Artigo 46. Establécese a Comisión de Garantía de Calidade e a súa composición e funcións serán os establecidos no Manual do Sistema de Garantía Interno de Calidade en vigor aprobado pola Xunta de Facultade. Asemade, dita comisión terá un regulamento propio aprobado pola Xunta de Facultade.

Título V. Da Delegación de Alumnado

Artigo 47

1. A Xunta de Facultade facilitaralles, na medida das súas posibilidades, aos estudantes as instalacións, os medios materiais e económicos necesarios para o desenvolvemento das actividades extraordinarias, que poidan contribuír a mellorar a súa formación.

2. A tal fin, a Xunta de Facultade, na medida das súas posibilidades, porá a disposición da Delegación de Alumnado os medios necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

3. A Delegación de Alumnado terá autonomía para:

a) Elaborar o seu orzamento e xestionar os seus recursos de acordo coa partida orzamentaria correspondente.

b) Elaborar as súas normas de organización interna.

c) Elixir os seus representantes perante calquera autoridade, institución ou organización, coordinándose coas comisións competentes da Xunta de Facultade.

d) Crear todas as seccións de actividades que consideren precisas para lograr os seus fins.

e) Solicitar e recibir outros fondos de financiamento doutras instancias da universidade e tamén de institucións externas á mesma, tanto privadas como públicas.

4. O estado inicial e final do presuposto da Delegación de Alumnado e a súa evolución temporal estará a disposición da Xunta de Facultade sempre que esta o requira. Ademais deberá presentar a memoria dos gastos do exercicio anterior na Xunta de Facultade.

Título VI. Da reforma do regulamento

Artigo 48.

A iniciativa para a reforma do regulamento poderá ser adoptada polo/a decano/a ou mediante proposta asinada por un mínimo do 30% dos membros da Xunta de Facultade. Tal iniciativa deberá conter o texto articulado que se propoña introducir e a motivación en que se fundamente.

Artigo 49.

A proposta será sometida a unha votación para a súa toma en consideración polo Pleno da Xunta de Facultade. Se a proposta recibe os votos favorables do 40% dos membros da Xunta abrírase un prazo de quince días hábiles para a presentación de emendas que serán discutidas e votadas nunha comisión específica designada pola Xunta de Facultade e coa mesma representación que teñen os distintos sectores no Pleno da Xunta.

Artigo 50

1. Unha vez aprobado o texto pola correspondente comisión, será elevado ao pleno da Xunta de Facultade. Para que a reforma proposta sexa aprobada deberá recibir o voto favorable da maioría absoluta do pleno da Xunta de Facultade. De non ser así, a proposta de reforma considerarase refugada, e non se poderá propor unha reforma idéntica ata transcorrido un prazo de dous anos.

2. Se a proposta de reforma é aprobada, elevarase á Xunta de Goberno da universidade quen decidirá sobre a reforma do regulamento de modo definitivo.

Outras disposicións

Primeira.- Ademais das reunións dos órganos colexiados de goberno do centro, os diversos sectores poderán realizar aquelas reunións que estimen pertinentes para tratar asuntos específicos. Representantes destes sectores deberán solicitar á dirección do centro, polo menos con corenta e oito horas de antelación, local para a reunión indicando o día e máis a hora. En todo caso, procurarase que as devanditas reunións non interfiran nas actividades normais do centro.

Segunda.- O presente regulamento debe ser interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nas normas legais e regulamentarias sobre o ensino universitario.

Terceira.- A normativa estatal básica sobre procedemento administrativo común será supletoria en todos os aspectos non

regulados polos Estatutos da Universidade, polas súas normas de desenvolvemento e polo presente Regulamento de réxime interno do centro.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor dende a súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.